



## CIRCULAR INFORMATIVA 12/2025

### 1. RENOVACIÓN DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

**Anualidade do 01.07.2025 a 30.06.2026**

**Subvencionada polo Colexio con 100.000 € por anualidade**

A Xunta de Goberno do ICA Santiago, na sesión do 27.05.2025, tomou entre outros o acordo de renovar a póliza do seguro de responsabilidade civil coa aseguradora Allianz. Así mesmo, acordou manter a subvención do colexio a esta póliza de 100.000 euros por anualidade.

Para esta próxima anualidade (01.07.2025 a 30.06.2026) acadouse unha rebaixa do 5 % na prima, isto é, unha prima anual por colexiado de 344,41 euros (na anualidade anterior era de 362,53 €). A esta cantidade deberá descontarse a subvención do colexio, que é duns 150 euros (aprox.) por colexiado asegurado ao ano.

#### **Condições da póliza:**

- **Aseguradora: Allianz (corretoría Aon)**
- **Límite asegurado: 450.000 €**
- **Prima anual: 344,41 € anuais por colexiado/a asegurado/a, dos cales o colexio pagará 150 € aprox.**

#### — **Consulta da póliza**

A póliza está ao dispor das colexiadas e colexiados na web do colexio:

[https://www.icasantiago.org/wp-content/uploads/src/src\\_allianz\\_2025.pdf](https://www.icasantiago.org/wp-content/uploads/src/src_allianz_2025.pdf)

#### — **Subvención do Colexio**

Como nos anteriores exercicios, o Colexio subvenciona esta póliza con 100.000 euros por anualidade, importe que se repartirá entre todos os colexiados e colexiadas aseguradas.

A prima final resultante (unha vez aplicada a subvención) cobrarase en dous prazos (por semestres).

#### — **Franquía. Establécese unha franquía gradual:**

- 500 € os dous primeiros sinistros/anualidade
- 1.500 € terceiro sinistro e seguintes

#### — **Solicitudes de BAIXA: deben solicitarse antes do 20.06.2025**

Os colexiados que figuran de alta na póliza da anualidade anterior e non teñan interese na súa renovación **deberán solicitar a súa baixa expresamente por escrito** e remitila á secretaría deste colexio **antes do 20 de xuño ás 14.00 h.** O escrito da baixa deberá asinarse dixitalmente e poderá remitirse ao seguinte correo electrónico: [contabilidade@icasantiago.org](mailto:contabilidade@icasantiago.org).



## CIRCULAR INFORMATIVA 12/2025

Os colexiados que durante a última anualidade **causaron baixa no Colexio** e aínda figuran de alta nesta póliza serán dados de baixa automaticamente o día 30.06.2024.

No caso dos colexiados exercentes asegurados que durante a última anualidade **pasaron á situación de colexiados non exercentes**, seguirán dados de alta na póliza se non solicitan a súa baixa expresa antes do 20.06.2024.

### — **Solicitudes de ALTA (só novas altas)**

Os colexiados **que aínda non figuran de alta** (novas altas) dispoñen tamén dun prazo **ata o 20 de xuño ás 14.00 h** para solicitar por escrito a súa incorporación á dita póliza, que terá efectos a partir do 01.07.2025. As solicitudes deberán enviarse debidamente asinadas ao correo electrónico: [contabilidade@icasantiago.org](mailto:contabilidade@icasantiago.org).

Os colexiados **que xa figuran dados de alta** na póliza anterior pasarán **automaticamente** á nova, **salvo que comuniquen a súa baixa por escrito antes do 20 de xuño ás 14.00 h**.

### — **Obrigatoriedade**

Lembrámosvos que esta póliza do seguro de responsabilidade civil (ou outra similar contratada de forma particular) só é obrigatoria para os letrados que figuran de alta no servizo de asistencia a persoas detidas, na quenda de oficio e nos servizos de mediación deste colexio.

### — **Ampliacións ou segundas capas**

Os colexiados asegurados que teñan contratadas de forma particular ampliacións de cobertura ou segundas capas serán contactados polo mediador Aon para negociar a renovación das ditas ampliacións.

Se se desexa contratar segundas capas de ampliación de cobertura, poderase solicitar na secretaría do colexio o formulario e o cadro das tarifas correspondentes.

Para resolver calquera dúbida ou ampliar a información, poderase contactar coa secretaría técnica do colexio (Manuel Arza).

## **2. CANCELACIÓN DAS CONTAS DE CORREO ICA SANTIAGO QUE NON SE RENOVARON (@icasantiago.org)**

O pasado 8 de maio remitiuse a circular informativa 9/2025 na que se informaba a todos os colexiados e colexiadas de que no vindeiro mes de setembro finalizaba o contrato que o CGAE tiña subscrito con Microsoft para prestar o servizo das contas de correo corporativo (@icasantiago.org) con licenza Office 365. O novo contrato que entrará en vigor en setembro só inclúe a prestación do servizo de correo electrónico (sen o paquete Office e OneDrive) e terá un custo de 25 euros anuais.

O ICA Santiago abriu un prazo ata o pasado 19 de maio para que os colexiados e colexiadas interesadas en seguir empregando a conta @icasantiago.org o comunicasen por escrito (formulario) e indicasen que asumían o seu custo económico de mantemento (25 €/ano).



## CIRCULAR INFORMATIVA 12/2025



ILUSTRE COLEXIO  
DA AVOGACÍA DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
SAÍDA Nº: 202500177  
DATA: 02/06/2025 12:06  
PÁXINA 3 DE 3

Unha vez finalizado o antedito prazo, **os colexiados e colexiadas** que dispoñían de conta @icasantiago.org e **que non comunicaron** a súa intención de seguir empregando esa conta e de asumir o custo da licenza **serán dados de baixa no servizo de correo electrónico o día 30.09.2025, coa cancelación da conta corporativa**. Neses casos, insistimos en que é recomendable descargar ou exportar os datos ou arquivos desas contas antes da data sinalada co fin de evitar a súa perda ([Guía exportación correos electrónicos](#) / [Guía para facer copia OneDrive](#) / CGAE: <https://correo.abogacia.es>).

Para resolver calquera dúbida poderase contactar co servizo de informática do colexio (Carlos Polo, 981 581 713).